

b

ORDENANZA MUNICIPAL DE TRAMITACIÓN DE ACTIVIDADES.-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A directiva 2006/123/CE aprobada polo Consello Europeo con data 12 de decembro de 2006 e a súa trasposición ao ordenamento español na Lei 17/2009, de 23 de novembro, *sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio*; asemade, a Lei 25/2009, de 22 de decembro, *de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e*; a normativa autonómica, a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, *de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva*, establecen a comunicación previa ou declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas, o que conleva unha importante modificación do réxime de control das actividades polos Concellos.

Asimismo, a recentemente aprobada Lei de Economía Sostible (Lei 2/2011, de 4 de marzo) reforma a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que agora dispón no seu novo artigo 84 bis o seguinte:

“Sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo anterior, con carácter general, el ejercicio de actividades no se someterá a la obtención de licencia u otro medio de control preventivo. No obstante, podrán someterse a licencia o control preventivo aquellas actividades que afecten a la protección del medio ambiente o del patrimonio histórico-artístico, la seguridad o la salud públicas, o que impliquen el uso privativo y ocupación de los bienes de dominio público, siempre que la decisión de sometimiento esté justificada y resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas o autorizaciones concurrentes entre una entidad local y alguna otra Administración, la entidad local deberá motivar expresamente en la justificación de la necesidad de la autorización o licencia el interés general concreto que se pretende proteger y que éste no se encuentra ya cubierto mediante otra autorización ya existente.”

A Lei de Economía Sostible añade un artigo 84 ter. á Lei de Bases de Réxime Local coa seguinte redacción:

«Cuando el ejercicio de actividades no precise autorización habilitante y previa, las Entidades locales deberán establecer y planificar los procedimientos de comunicación necesarios, así como los de verificación posterior del cumplimiento de los requisitos precisos para el ejercicio de la misma por los interesados previstos en la legislación sectorial.»

Finalmente, o artigo 42 da Lei de economía sostible reforma o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente a letra i) do artigo 20.4º, que agora establece que se cobraran as correspondentes taxas polo outorgamento das licenzas de apertura de establecimentos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxetas á autorización o control previo.

Así pois, é preciso regular o procedemento de comunicación nunha nova ordenanza e establecer as actividades que quedan excluídas de este mecanismo de

control que con carácter xeral se establece no artigo 84 bis da Lei de Bases do Réximen Local para as actividades.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que o propio artigo 84, bis xa establece os criterios polos que certas actividades quedan excluídas desta declaración responsable, como son a protección do medio ambiente e do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e a ocupación dos bens de dominio público.

En segundo lugar, tamén debe terse en conta que seguen en vigor as normas que regulan procedementos especiais para autorización de certas actividades, como son o Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas ou o Decreto da Xunta 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental; nestas normas se esixe que se abran períodos de información pública dado que se trata de actividades que afectan a tranquilidade e saúde dos veciños, e se require que outras Administracións concedan a súa autorización previamente á concesión da licenza municipal.

Pero ademais da normativa autonómica ou estatal, o Concello dispón de normas propias, como a ordenanza de ruidos ou o planeamento urbanístico, que esixen o cumprimento de requisitos singulares con especial relevancia sobre materias como a seguridade, accesibilidade e outras, a determinadas actividades.

Finalmente, non se pode olvidar a existencia nesta cidade dun importante centro histórico e dun extraordinario conxunto de inmobles catalogados, protexidos respectivamente polo Plan Especial 1 e o Catálogo do PXOU.

Polo tanto, a comunicación previa ou a declaración responsable non é aplicable as seguintes actividades (polo que deben quedar suxeitas ao procedemento de solicitude e concesión previa de licenza) :

- As actividades excluídas da Directiva 2006/123 CE
- As que se inclúan no Catálogo de actividades da Xunta de Galicia, Decreto 292/2004, modificado por Decreto 160/2005.
- As que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra administración (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas...)
- As actividades relacionadas no decreto 133/08 que regula o procedemento de avaliación ambiental
- As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio da mesma.

Por outra banda, se ben se entende que o rexime de autorización previa en materia de licenzas urbanísticas non está contemplado na Directiva 2006/123/CE xa que, as particularidades propias do ámbito urbanístico e as razóns de interese xeral impedirían que con carácter xeral se establecera un réxime de comunicación previa para tódalas actividades suxeitas a licenza urbanística, o certo é que o seu carácter de requisito previo que condiciona a liberdade de establecemento xustifica que a regulación que se efectúe das mesmas module o grao de intervención administrativa nesta materia.

Así, o feito de que estas licenzas se atopen excluídas da Directiva de Servizos, non significa que nese ámbito non poda tentarse aplicar os mecanismos da comunicación previa ou da declaración responsable para a posta en funcionamento de actividades sometidas a estos réximes, ca finalidade de non deixar sen contido material a trasposición da Directiva 2006/123/CE.

O artigo 17.1 da lei 17/2009 de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o su exercizo, determina que “As administracións públicas revisarán os procedementos e trámites aplicables ó establecemento e a presentación de servizos co obxecto de impulsar a súa simplificación”, en virtude desta facultade outorgada ás administracións públicas se estima procede establecer un réxime xurídico simplificado de declaración responsable ou de comunicación previa para aquelas actuacións ou intervencións con escasa ou nula entidade técnica ou constructiva, e nas que non sexa necesaria a presentación de proxecto técnico que determine a necesidade dunha previa autorización ou licenza urbanística para poder levarse a cabo.

TÍTULO PRIMEIRO. A COMUNICACIÓN PREVIA E A DECLARACIÓN RESPONSABLE.

Artigo 1º.

É obxecto da presente ordenanza a adopción de medidas de simplificación administrativa nos procedementos de autorización e control das actividades que se desenrolen no concello de Santiago de Compostela no marco das competencias municipais reconocidas no artigo 84 da Lei de Bases do Réxime Local.

Artigo 2º.

1. O desenvolvemento dunha actividade comercial, industrial ou de servizos estará suxeito á presentación dunha comunicación previa ou unha declaración responsable no Concello, agás nos casos nos que esta ordenanza require que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade.

2. As declaracións responsables e as comunicacións previas permitirán o exercicio dun dereito ou ben o inicio dunha actividade dende o día da súa presentación, sen perxuízo das facultades de comprobación que ten atribuídas esta administración. Nembargantes a comunicación previa poderá presentarse dentro do prazo máximo de quince días posterior ó inicio da actividade.

Artigo 3º.

1. Se entenderá como Comunicación Previa aquel documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade.

2. Se entenderá como Declaración Responsable o documento suscrito por un interesado no que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou o inicio dunha actividade e, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter os seu cumprimento durante o desenvolvemento da actividade.

Os requisitos ós que se refiére o párrafo anterior deberán estar recollidos de maneira expresa, clara e precisa nos modelos oficiáis que se incorporan como anexo a este ordenanza.

3. A inexactitude, falsedad ou omisión, de carácter esencial, en calquer dato, manifestación ou documento que se acompañe a unha Declaración Responsable ou a una Comunicación Previa, ou a non presentación ante a Administración de cualquera delas, determinará a imposibilidade de continuar coa actividade afectada dende o intre no que se teña constancia de tales feitos.

Asimesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar a obrigación do interesado de restituir a situación xurídica ao intre previo ó inicio da actividade sen perjuicio das responsabilidades civís, penais ou administrativas

Artigo 4º.

Estarán sometidas ao trámite de comunicación previa as seguintes actividades:

- a) Actividades de carácter non mercantil ou industrial das que sexan titulares os órganos da Administración Pública.
- b) Postos da praza de abastos ou mercados municipais, agás aquelas actividades suxeitas a licenza de apertura ou autorización previa.
- c) Antenas de telefonía ou semellantes, agás as situadas no ámbito de aplicación do Plan Especial 1, en inmobles catalogados polo Plan Xeral de Ordenación Municipal ou en ámbitos suxeitos á previa autorización da administración competente en materia de protección do patrimonio histórico-artístico.
- d) Locais comerciais ou de servicios cunha superficie construída menor de 100m².
- e) Academias de ensinanza hasta 150m² de superficie construída, agás academias de baile, música ou canto.
- f) Centros destinados ao culto religioso.
- g) Actividades profesionais que se desenvolvan en locais ou establecementos que non excedan de 150m² de superficie construída.
- h) Oficinas ou locais pertencentes a entidades sen ánimo de lucro, sempre que non desenrolen actividades mercantís ou industriais.
- i) Pensións de unha, dous e tres estrelas.
- j) Garaxes de uso privado no autorizados coa licenza de edificación con capacidade inferior a cinco prazas e unha superficie que non supere os 100m².
- k) Aparcamentos e exposición de vehículos ó aire libre sen límite de prazas nin superficie.
- l) Cambios de titularidade.

Artigo 5º.

Estarán sometidas ao trámite de declaración responsable as seguintes actividades:

- a) Locais comerciais ou de servicios entre 100 e 400m² de superficie e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
- b) Despachos profesionais de máis de 150m² ata 400m² de superficie e 15 Kw de potencia mecánica instalada.
- c) Establecementos hoteleiros ata 25 prazas sen cafetería ou restaurante.
- d) Centros docentes, centros de educación infantil, primaria e secundaria, agás os centros incluídos no Decreto 329/2005 da Xunta de Galicia. Aqueles centros docentes que dispoñan de instalacións tales como cociñas, piscinas, depósitos de combustible, etc, que requiran licenza de actividade ou de apertura deberán proceder a formalizar a correspondente solicitude.
- e) Actividades industriais, talleres artesanais e similares, cunha Q_s igual ou menor a 42 MJ/m² e una superficie útil menor ou igual a 60m².
- f) Actividades de almacenamento de obxectos e materiais sempre que a súa superficie sexa menor de 500m² e a súa Q_s sexa menor de 425 MJ/m², agás as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.
- g) Actividades de almacenamento de produtos petrolíferos, químicos con recipientes de presión ou con produtos químicos que non necesiten proxecto técnico según a normativa específica de aplicación.
- h) Centros de diagnóstico e laboratorios de análise clínicos sen manipulación de produtos inflamables nin contaminantes.
- i) Actividades agropecuarias relacionadas no Anexo III do Decreto 133/2008.

Artigo 6º.

1.- A comunicación previa debe incluír:

- a) O nome, dirección, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do titular ou titulares.
- b) O nome, dirección, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
- c) A ubicación exacta do local da actividade.
- d) A descripción da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenza a actividade.
- e) Fotocopia da póliza de seguro de responsabilidade civil.

A comunicación previa deberá vir acompañada de plano de ubicación en cartografía municipal da actividade, plano do local coas súas instalacións e unha acreditación suscrita por técnico competente que certifique que a actividade cumpre a normativa aplicable. A acreditación cumprimentará o modelo aprobado polo Concello incluído nos anexos desta ordenanza.

No caso dos cambios de titularidade deberán aportarse datos que permitan a identificación do expediente de autorización da actividade cuxo ámbito de titularidade estase a solicitar, ou a certificación municipal emitida tras a comprobación posterior á presentación no seu día da comunicación ou declaración responsable. Así mesmo deberá aportar fotocopia do título que ampare a transmisión do local ou establecemento e autorización asinada polo anterior titular da actividade.

2.-A declaración responsable debe incluír:

- a) O nome, dirección, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do titular ou titulares.

- b) O nome, dirección, teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico do representante.
- c) A ubicación exacta do local da actividade.
- d) A descripción da actividade, superficie do local e indicación do grupo ou epígrafe fiscal a que pertenezca a actividade.
- e) Fotocopia da poliza de seguro de responsabilidade civil.
- f) Declaración, baixo a súa responsabilidade, que a actividade vai a desenrolarse de acordo coa normativa aplicable e que o local cumpre a normativa urbanística e a que sexa de aplicación en cada caso.

A declaración responsable deberá vir acompañada de documentación técnica, suscrita por técnico competente, na que se describan as características do local e da actividade e se xustifique o cumprimento da normativa urbanística e a de aplicación xeral. Esta documentación deberá incluír, como mínimo, memoria xustificativa do cumprimento da normativa aplicable, plano de emplazamento da cartografía oficial, planos de plantas con ubicación de instalacións e maquinaria, planos de seccións con ubicación de maquinaria, planos de alzado e esquema unifilar da instalación eléctrica.

Asimismo, virá acompañada da certificación de execución das instalacións e medidas correctoras das instalacións según o modelo aprobado polo Concello incluído nos anexos desta ordenanza.

Artigo 7º.

Cando se presente unha comunicación ou unha declaración responsable deberán abonarse as taxas correspondentes pola actividade inspectora levada a cabo por esta administración.

Artigo 8º.

1. O Concello procederá a comprobar os datos facilitados polos interesados e examinará a documentación técnica aportada para comprobar si se axusta á normativa aplicable. No caso de que non se presente a documentación prevista nesta ordenanza, nas actividades suxeitas a comunicación previa ou declaración responsable, o concello ordeará o inmediato peche da actividade, ata que se proceda á presentación de dita documentación.

Nembargantes, se examinada a documentación presentada se constata a existencia de deficiencias de escasa entidade o concello requerirá ó titular da actividade que aporte nova documentación que subsane ditas deficiencias, concedéndolle para elo o correspondente prazo de subsanación previsto no artigo 71 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O mesmo réxime será aplicable ós supostos de comunicación previa nos que a actividade xa está a desenvolverse.

2. No suposto de que non sexan subsanadas as deficiencias, no prazo legalmente concedido, procederase a ordear o peche do establecemento.

3. No caso de que a documentación sexa correcta, os técnicos municipais cursarán visita de inspección ó local para comprobar si se axusta á documentación presentada e a normativa aplicable.

Artigo 9º.

1. Una vez recibida a comunicación o a declaración responsable o titular da actividade poderá comenza a exercela, sen perxucio de que os técnicos municipais cursen as visitas de inspección precisas para comprobar si se axusta á normativa aplicable. A comunicación previa poderá presentarse dentro dun prazo de quince días posterior ó inicio da actividade.

2. O incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente ou nesta Ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade dende o intre no que se teña constancia de tales feitos, sen perxucio das responsabilidades civís, penais e administrativas, na que poda incurrir o interesado.

A resolución que declare estas circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ó intre previo ó inicio da actividade.

3. En todo caso, o titular da actividade será o único responsable das molestias ou perxucios que poida causar.

Artigo 10º.

Nos casos nos que sexa precisa a realización de obras de construción ou acondicionamento do local, deberá solicitarse a oportuna licenza, aportando a documentación técnica esixible, con independencia que se trate dunha actividade sujeta a comunicación previa ou declaración responsable.

Rematada-las obras o titular da actividade o notificará ó Concello aportando o certificado final do técnico director e os boletíns dos instaladores autorizados para que se poida cursar a pertinente visita de inspección.

Aquelas actuacións de escasa entidade técnica e constructiva, que non precisen a presentación dun proxecto técnico e que non supoñan a necesidade de controlar aspectos urbanísticos, de accesibilidade ou de seguridade, como as de substitución de pavimentos, pintura, tarefas de adecentamento e limpeza dos locais, substitución de sanitarios e semellantes, poderán incluírse na correspondente comunicación previa ou declaración responsable da actividade, aportando para elo, unha memoria descriptiva das obras a realizar, o orzamento por capítulos, plano de situación en cartografía oficial.

Nestes supostos, de precisarse a retirada de escombros, deberá solicitarse a correspondente autorización para a instalación dun contenedor na vía pública para a súa recollida e traslado o vertedoiro municipal.

Artigo 11º.

No suposto de actividades suxeitas ó réxime de comunicación previa ou declaración responsable regulado na presente ordenanza, a Administración realizará comprobacións oportunas e emitirá un acta da inspección do técnico municipal para que quede constancia de que a actividade se axusta á documentación aportada e á normativa aplicable.

Artigo 12º.

Nestes procedementos o Concello deberá proceder a efectuar a inspección nun prazo máximo de tres meses dende a presentación da comunicación ou a declaración responsable.

O vencimento deste prazo sen terse notificado a acta da inspección llexítima ó interesado que tivera presentada a solicitude para entenderla estimada por silencio administrativo, agás nos supostos nos que unha norma con rango de lei por causas xustificadas de interese xeral ou unha norma de Dereito Comunitario Europeo establezcan o contrario.

En ningún caso se entenderán adquiridos dereitos en contra do disposto na lexislación e o planeamento vixente.

Artigo 13º

Nos casos nos que se exerza unha actividade sen a debida presentación da comunicación ou declaración responsable, ou cando non cumpra a normativa aplicable se ordenará o peche do establecemento, sen perxucio da aplicación do disposto na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

TÍTULO SEGUNDO.

A LICENZA DE APERTURA OU DE ACTIVIDADE.

Artigo 14º.

1. Deberá solicitarse a pertinente licenza de apertura ou de actividade nos casos nos que así o esixe a protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo ou a ocupación dos bens de dominio público.

2. Enténdese que se encontran nos supostos previstos no parágrafo anterior as seguintes actividades:

- a) As excluídas do ámbito de aplicación da directiva 2006/123/CE e, polo tanto non recollidas nos artigos 4 e 5 da presente ordenanza.
- b) As que se inclúen no Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado por Decreto 160/2005
- c) As que requiran autorización ou informe previo e preceptivo doutra administración (protección do medio ambiente, patrimonio histórico artístico, augas...)

- d) As actividades relacionadas no decreto 133/08 que regula o procedemento de avaliación ambiental
- e) As que precisen inspección sanitaria previa sobre condicións hixiénico-sanitarias antes do exercicio da mesma.
- f) As estacións base de telefonía móvil e as antenas excluídas do réxime de comunicación previa.
- g) As actividades e servizos non suxectos ao trámite de comunicación previa ou declaración responsable, e polo tanto non incluídos nas relacións contidas nesta ordenanza.

Artigo 15º.

1. Nos supostos nos que debe solicitarse a licenza de apertura ou de actividade, ésta se tramitará de acordo co procedemento establecido pola normativa aplicable en cada caso e se concederá xunto coa licenza urbanística cando sexa preciso a realización de obras de construción ou de acondicionamento.

2. O Concello notificará ós titulares da actividade que aporten toda-la documentación técnica que se sexa preciso para subsanar as deficiencias que os técnicos municipais atopan na documentación inicialmente presentada.

3. Finalizadas as obras de construción ou acondicionamento, os titulares da actividade notificarán ó Concello o remate das mesmas aportando certificado final do técnico director, boletíns dos instaladores e as autorizacións sectoriais que sexan preceptivas, para que os técnicos municipais cursen as pertinentes visitas de inspección.

4. En caso de que a actividade se axuste á documentación autorizada coa licenza de apertura ou actividade e cumpra a normativa aplicable, concederáse a licenza de funcionamento.

5. Non poderá comezar a exercerse unha actividade en tanto que non se conceda a pertinente licenza ou autorización de funcionamento.

Disposición adicional única.

A Xunta de Goberno Local poderá adaptar, modificar ou ampliar os modelos normalizados incluídos nos anexos desta ordenanza. Os modelos modificados serán obxecto de publicación na correspondente páxina web do Concello.

Disposición transitoria única.

Os promotores dos expedientes que á entrada en vigor da presente ordenanza se atopasen en tramitación neste Concello e se refiran a actuacións que entren no ámbito de aplicación da comunicación previa ou a declaración responsable poderán acollerse a ditos procedementos presentando para elo a documentación prevista nesta ordenanza.



URBANISMO

Modelo de comunicación previa

Interesado

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social					
Enderezo a efecto de notificacións			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		

Correo electrónico

Representante

DOI	Nome e apelidos					
Enderezo a efecto de notificacións			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		

Correo electrónico

No suposto de **CAMBIO DE TITULARIDADE** dunha actividade anterior indicarse a continuación o nome do anterior titular que deberá asinar conxuntamente co solicitante este impreso, aportándose fotocopia do título no que se conteña a transmisión e datos precisos para poder identificar o expediente de autorización da actividade

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social					
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		

Correo electrónico

Expoño

Que de conformidade coa Ordenanza Municipal de Actividades e o resto da normativa aplicable, veño a efectuar **COMUNICACIÓN PREVIA** pola que declaro que a actividade que vou a levar a cabo consiste en _____, sita en _____ con denominación comercial _____ cumpre con toda a normativa preceptiva segundo se acredita na certificación de técnico competente que se adxunta a esta solicitude. Esta actividade ten pagados os tributos municipais correspondentes á licenza co número de documento de ingreso _____.

Autoriza

Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito a comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Comunica

Que iniciará a actividade a partires do día _____ (en caso de non indicar data entenderase a partires do mesmo día da presentación da instancia).

O que asino de xeito responsable

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 20__

Asinado: O interesado

Asinado: O representante

Asinado: O anterior titular da actividade

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santiago. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

SEGUNDO.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

	URBANISMO
	Modelo de declaración responsable

Interesado						
DOI/CIF		Nome e apelidos/Razón social				
Enderezo a efecto de notificacións			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		/
Correo electrónico						
Representante						
DOI		Nome e apelidos				
Enderezo a efecto de notificacións			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		/
Correo electrónico						
Expoño						
Que de conformidade coa Ordenanza Municipal de Actividades e o resto da normativa aplicable, veño a efectuar DECLARACIÓN RESPONSABLE pola que declaro que a actividade que vou a levar a cabo consistente en _____ sita en _____, con denominación comercial _____, cumpre con toda a normativa preceptiva segundo se acredita na documentación e certificación de técnico competente que se adxunta a esta solicitude.						
Declaro						
Estar en posesión da documentación administrativa: a) licenza de primeira ocupación do inmovible onde se vai a instalar a actividade (no suposto de que a edificación careza dela deberá acreditarse a súa antigüidade). b) a correspondente licenza de obra necesaria para a adaptación ou acondicionamento do local, no seu caso. c) as autorizacións sectoriais preceptivas para o funcionamento da actividade.						
Autoriza						
Aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á administración destinataria deste escrito, a comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.						

O que asino de xeito responsable.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 20__

Asinado: O interesado

Asinado: O representante

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santiago. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.



URBANISMO

Acreditación técnica de actividade

(Cumplimentar polo/a técnico/a)

EXPEDIENTE NOVO <input type="checkbox"/>	MODIFICACIÓN/AMPLIACIÓN <input type="checkbox"/>	NÚM. EXPTE. INICIAL:
--	--	----------------------

Titular

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa	Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /	
Correo electrónico					

Técnico/a competente

DOI/CIF	Nome e apelidos/Razón social				
Rúa	Núm.	Escaleira	Andar	Porta	
CP	Municipio	Provincia		Teléfono / Fax	
Correo electrónico					

Datos da actividade

Descrición da actividade												
Referencia catastral do local da actividade												Cubrir con todos os números e todas as letras que aparecen no recibo do IBI
Rúa	Núm.	Escaleira	Andar	Porta								

Usos

.Clasificación do solo		
URBANO <input type="checkbox"/>	RÚSTICO <input type="checkbox"/>	URBANIZABLE <input type="checkbox"/>
Cualificación do solo (Ordenanza)	Uso segundo o PXOM	
Conformidade ou disconformidade da edificación con respecto o PXOM		
Cumpre toda a normativa urbanística e ordenanzas municipais de aplicación: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		

Datos específicos da actividade

Altura do local.	Superficie (construída)	Superficie (útil)	Superficie ampliación	Carga de fogo ponderada
Potencia mecánica (kW)			Aforo total	
Nivel de illamento acadado con respecto ás vivendas colindantes _____dB (A)				

Relación das instalacións de que dispón a actividade

ELÉCTRICA:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	POTENCIA _____kW
CLIMATIZACIÓN/VENTILACIÓN FORZADA:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	POTENCIA _____kW
GAS:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	POTENCIA _____kW
CONTRA INCENDIOS:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	
OUTRAS:	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>	(especificar cales)

Planos que se deben achegar

- Plano de emprazamento de planimetría municipal a escala 1:500 ou 1: 1000 no que figure a totalidade da onde se atope situada a actividade.
- Plano de planta a escala, non menor de 1:100. con situación de instalacións e maquinaria.
- Plano de sección a escala, non menor de 1:100, con situación de instalacións e maquinaria.
- Esquema unifilar da instalación eléctrica.
- Plano de alzado a escala non menor de 1:100.

Autorizacións sectoriais preceptivas previas á instalación

Autorizacións sectoriais preceptivas para o funcionamento da actividade

Certificación técnica do cumprimento da normativa de aplicación

_____ técnico/a director/a das instalacións e medidas correctoras, en posesión do título de _____ co número de Colexiado/a _____

ACREDITO:

1. Que a instalación da actividade foi realizada baixo a miña dirección.
2. Que se teñen adoptado con eficacia as medidas correctoras necesarias para dar cumprimento a toda a normativa técnica de aplicación, PXOM, así como garantido que non se produzan molestias á veciñanza.
3. Que actividade e as instalacións executadas axústanse ao descrito na presente documentación.
4. Que o illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto na Ordenanza municipal de Ruídos.
5. Que a actividade cumpre o disposto na vixente normativa contra incendios e na vixente normativa técnica sectorial correspondente.
6. Que a actividade cumpre o establecido na Lei 7/97 e Decreto 35/2000, para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.

Por iso, declaro que as instalacións e as medidas correctoras están totalmente executadas e preparadas para funcionar.

Así mesmo, manifesto, baixo xuramento o promesa, que é certo que teño actuado coa máxima obxectividade posible, tomando en consideración tanto o que poida favorecer como o que poida causar prexuízos o meu cliente e coñezo as sancións administrativas e/ou penais no caso de incumprir o meu deber como técnico/a redactor/a.

Santiago de Compostela, a _____ de _____ 20

(Firma do técnico/a autor/a do proxecto)
Indicar nome e apelidos e núm. de Colexiado

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ADVIRTESELE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santiago. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.



URBANISMO

Modelo de certificado de execución das instalacións e medidas correctoras das actividades suxeitas a declaración responsable

Certificado (a cumprimentar polo/a técnico/a)

_____ , en posesión do título de _____ pertencente Colexio Oficial _____ técnico/a facultativo/a competente director/a das instalacións e medidas correctoras referentes a actividade solicitada de _____ **CERTIFICO** en data _____ :

7. Que a instalación da actividade foi realizada baixo a miña dirección.
8. Que a actividade e as instalacións executadas axústanse ao descrito na documentación presentada e concretamente ao proxecto da actividade subscrito por _____ , así como os anexos e/o proxectos seguintes: _____
9. Que se teñen adoptado con eficacia todas as medidas correctoras impostas polo permiso de instalación e as que figuran no proxecto, e que estas son suficientes para garantir que non se producen molestias á veciñanza.
10. Que cumpre as ordenanzas municipais, os regulamentos e, en xeral, toda a normativa técnica de aplicación.
11. Que o illamento acústico do local é suficiente para garantir o cumprimento do disposto na Ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de rúidos, vibración se condicións dos locais.
12. Que a actividade cumpre o establecido na normativa sectorial correspondente.
13. Que a actividade cumpre o establecido na Lei 7/1997 e Decreto 35/2000, para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas.
14. Que a actividade dispón das preceptivas autorizacións de instalacións e subministros sectoriais para a apertura ao público e para o funcionamento da actividade (débense especificar as autorizacións sectoriais das que se dispoña e a empresa instaladora que as executou, con indicación do seu número no rexistro especial de empresas instaladoras).

Por iso, declaro que as instalacións e as medidas correctoras están totalmente executadas e preparadas para funcionar. Así mesmo, manifesto, baixo xuramento ou promesa, que é certo que teño actuado coa máxima obxectividade posible, tomando en consideración tanto o que poida favorecer como o que poida causar prexuízos o meu cliente e coñezo as sancións administrativas e/ou penais no caso de incumprir o meu deber como técnico/a redactor/a.

Titular da actividade (a cumprimentar polo/a técnico/a)

DOI/CIF		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono /		
Correo electrónico						

Datos da actividade

Actividade permanente <input type="checkbox"/> Maior <input type="checkbox"/> Menor		Núm. expediente municipal			Número do documento ingreso		
Rúa			CP	Núm.	Escaleira	Andar	Porta
Referencia catastral do local da actividade				Cubrir con todos os números e todas as letras que apareza no recibo del IBI			
Tipo de activade principal				Tipo de activade secundaria (no seu caso)			
Superficie da activade principal		Superficie da activade secundaria (no seu caso)		Superficie construída			
Aforo		Aforo de público (no caso de catalogadas)		Horario (no caso de catalogadas)			
Resumen indicativo das instalacións existentes (baixa tensión, potencia instalada; climatización, potencia térmica; contra incendios, carga de fogo ponderada ou nivel de risco intrínseco dos produtos petrolíferos; aparatos a presión e instalacións similares:							

Santiago de Compostela, a _____ de _____ 20

(Firma do técnico/a autor/a do proxecto)

Indicar nome e apelidos e núm. de Colexiado

(Firma do/a solicitante)

Conforme

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da comunicación previa, determinara a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Santiago. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.